

# HADRIÁN VII





# HADRIÁN VII

*Frederick Rolfe*

*~ alias ~*

BARÓN CORVO

*Traducción de Celia Recarey Rendo*



Irmás Cartoné, 2014  
Tradución: Celia Recarey Rendo  
Deseño de cuberta: Anatoli Carrasco  
Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica.

ISBN: 978-84-942570-1-8  
Dep. Legal: C1585-2014

[www.irmascartone.com](http://www.irmascartone.com)



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

*A miña Nai*

NEVE ME IMPEDIAS NEVE LUNGIUS PERSEQUARIS

*ὅπως μήτε ἀντιστήσει μοί μήτε ἔψει πορρωτέρω*

*En obediencia do Decreto do Sumo Pontífice Urbano VII, declaro que non teño intención de atribuírle a ningunha outra autoridade máis que a puramente humana ningún dos milagres, revelacións, favores & casos particulares que neste libro se documentan, & o mesmo con respecto aos títulos de santos e beatos aplicados a servos de Deus aínda non canonizados, agás naqueles casos que foron confirmados pola Santa Sé Apostólica Romana, da que me declaro fillo obediente & a cuxo xuízo someto, polo tanto, a miña propia persoa & todo o escrito.*

FR. ROLFE

XXII de xullo de 1904





## PROEMIO

De mente estaba canso, exhausto por anos de esperanzas adia-  
das, de soidade, de angueiras sen recompensa. De corpo estaba case  
prostrado pola dor dun brazo dez días despois da vacina. A dor do  
corpo profíalle como unha afronta persoal. «Alguén terá que sufrir  
por isto», dixeran unha vez entre os espasmos dunha dor de moas.  
A fatiga mental non lle era allea, pero cando a ela se engadían as  
aflicións do corpo, achegábase ao colapso. A súa capacidade de tra-  
ballo estaba limitada: a mera visión das súas ferramentas de escribir  
enchíao de noxo. Pero como o horrorizaba a idea de ser descuberto  
nun estado de inactividade, despois de almorzar sentou coma deco-  
te e tentou escribir. Atordado por un torrente de ideas, detíñase  
dolorosamente á procura das palabras: cambaleando nun labirinto  
de vocábulos, a miúdo perdía o fío do seu argumento; de cando en  
vez, de puro esgotamento, a pluma ficaba inmóbil. Sentou nunha  
butaquiña baixa que estaba cuberta cun brocado desgastado dun  
vermello apagado e verde. Unha vella mesa de debuxo, do volumi-  
noso tamaño denominado de anticuario, descansaba sobre os seus  
xeonllos. O canto inferior esfiañaba o brocado dos brazos da buta-  
ca. O seu gatiño marelo, Flavio, durmía sobre o taboleiro inclinado,  
arrecunchado na dobra do seu cóbado esquerdo. Era a única criatura  
viva á que lle falaba con afecto ademais de cortesía. A man esquerda  
tiña conta do manuscrito, cuxas follas estaban suxeitas por arriba  
cun clip metálico. No bordo superior do taboleiro repousaban un  
par de prototipos editoriais que exteriormente semellaban novelas

## Barón Corvo

de a seis xilins mais cuxas páxinas enchera coa súa arcaica caligrafía. O primeiro contiña pensamentos, non grandes pensamentos, nin pensamentos selectos sobre algún principio particular, senón frases e opinións, como a denuncia de Sófocles:

*Ὁ μαυρον ἦθος και γυναικοζ ὕστερον,*

ou a sentenza de Gabriele d'Annunzio:

«As antigas monarquías lexítimas entran en declive por todas partes e Demos dispónse a engulilas coas súas fauces lamacentas.»

O segundo era o seu dicionario privado, que (como artesán da expresión verbal) compilara tomando termos gregos do Liddell & Scott e termos latinos do Andrews, ampliando o seu vocabulario con formacións tan sinxelas pero suxestivas como o adxectivo «hibrista», a partir de *ὕβριστης*, ou o substantivo «enxivismo», a partir de *gingilismus*.

Mirou de esguello para o seu manuscrito. En dúas horas non escribira máis de catorce liñas, e estas estaban deformadas por palabras e frases esborrachadas, substitucións e engadidos. Trazou unha liña ascendente cruzando a folla de esquerda a dereita, pousou a pluma, levantou taboleiro, gato, libros e manuscrito dos xeonllos e apartounos para un lado. Non podía traballar.

Enteou o lumiño que ardía no recanto dunha lareira esbrancada polas chamas. Estaba a tremar, pois, aínda que marzo avanzaba co ímpeto de nove leóns, ía moi pouco abrigado, cun traxe de liño azul como o que levan por riba da roupa os mecánicos. Sentía unha pícara predilección por aquela vestimenta desde que un intratable prelado de nariz encarnado, ansioso por menosprezar a pobreza desprovista de auréola, cometera a necidade de dicirlle que parecía napolitano. Sacudiu a acumulación de cinza de cigarro do dianteiro da chaqueta e agarrou un par de pesas de resorte, pero volveunas pousar de inmediato, reprendido pola dor do sobrazo esquerdo. Colleu o xornal que trouxera consigo despois de almorzar e volveu ler as novas de Roma e de Rusia. A primeira, segundo puido com-

probar, non era máis que o tipo de subterfuxio que os xornalistas de medio patacón teñen o costume de usar cando se atopan privados da visión dos feitos. Decía moito e non significaba nada. «O noso correspondente especial» estaba a levar un calote e sabíao, pero non lle apetecía confesalo, así que lle daba gusto á súa imaxinación. Algo estaba a suceder en Roma, algo misterioso estaba a suceder en Roma. Iso podíase deducir do comunicado, pero máis nada. A nova sobre Rusia era un conto de horrores sen par. Procedía de Berlín: non había comunicación directa con Rusia desde había quince días.

—É exquisitamente horrible —díxolle a Flavio— e paréceme perfectamente certa. O do Tsar... bo, iso era de esperar. Pero o da Tsarina... aínda que se algunha vez houbo unha muller co destino escrito no rostro esa era ela, pobre criatura. Aqueles terribles ollos enmeigados que tiña! Aquele dureza da súa cariña de moza! Pobres meniños! Que abominable e cínica crueldade! Mais xa houbera agoiros e presaxios que anunciaban que podía haber unha traxedia coma esta en calquera momento nestes últimos anos. Tiveron que vela vir. Ou é este outro exemplo de que o espectador é quen mellor ve o partido? —Colleu un álbum de recortes de prensa e pasou as follas—. Velaquí o tes, Flavio —díxolle ao gato durmido— e aquí... e aquí. Se isto non son advertencias... Vállame!

Sentou de novo e estudou certos parágrafos con atención.

## EDUCACIÓN CON LÁTEGO

PETERSBURGO.— Rusia enteira atópase nun estado de desacougo, ferve de insatisfacción. Até o aire se encende con rumores de tumultos por unha parte e de golpes de Estado por outra. Corren historias do máis estraño sobre o que está a ter lugar en Kiev, Sula e en todas as partes do Imperio, de feito, pero especialmente en Moscova. Alí, ao parecer, mentres estudantes e membros das clases altas son levados á cadea por centos —e non poucos deles enviados a Siberia—, os traballadores están a ser tratados cunha consideración bastante extraordinaria. Até se lles permite dicir o que opinan e

manter xuntanzas públicas sen trabas nin impedimentos, cousa inaudita en Rusia. Na propia Petersburgo predomina un estado agoirento, e a cidade atópase por completo nas mans da policía e dos militares. As rúas están ateigadas de xendarmes, até as casas particulares están cheas de soldados, e non pasa unha semana sen que haxa algún disturbio ou se organice algunha manifestación pública. En febreiro produciuse unha escena terrible na casa de Nicolás II, unha especie de Palacio do Pobo. No curso dunha representación teatral que alí tiña lugar, uns estudantes arrebolaron dende a galería á platea do auditorio uns panfletos nos que esixían a reparación das ofensas por eles sufridas. O lugar estaba cheo na súa maior parte de cidadáns respectables, no entanto, a xendarmería, que sempre está á espreita, acudiu a toda présa e esmagou baixo os seus pés a todo o que atopou no seu camiño. Viuse a un individuo graúdo pisar deliberadamente a cara dun pobre rapaz que caera e escacharlla como unha noz. O número de feridos é descoñecido e probablemente seguirá a selo. O domingo a situación empeorou aínda máis. Durante a semana anterior, os estudantes enviaron aos xornais máis importantes, e até á policía, un anuncio formal de que tiñan intención de facer unha manifestación na avenida Nevsky para esixir constitucionalmente que se atendesen as súas reivindicacións. Dábase por feito que se habían tomar medidas para evitar a xuntanza e a avenida Nevsky ateigouse, con tal ocasión, dos lacazáns e miróns habituais. Pero até onde todos sabían a policía non parecía ter intervido para nada na cuestión, e só uns poucos sabían que os patios das casas grandes da veciñanza estaban cheos de xendarmes e soldados. Até as doce en punto todo foi ben. Entón, de xeito bastante repentino, non só estudantes, senón tamén traballadores, comezaron a afluír cara á avenida Nevsky desde todas as rúas laterais e, en moi poucos minutos, o lugar era unha única e vasta multitude. Só na praza de diante da catedral de Kazán había polo menos 3.000 persoas. De súpeto, alzáronse berros sediciosos, ondeáronse bandeiras vermellas, tiráronse pedras e no medio de todo isto os xendarmes iniciaron un aloucado galope a través da multitude. A estampa era estarrecedora, pois arremetían a esquerda

e dereita coas súas espadas, até contra os transeúntes cuxa única intención era escapar de alí. Moitos resultaron feridos, algúns mortos –sobre cantos non hai dúas contas que concorden– e no curso da semana seguinte fixéronse centos de arrestos. Desde entón tiveron lugar outras manifestacións deste tipo, e seguirán a telo, custe o que custe, declaran os estudantes, até varrer por completo o réxime policial baixo o que Rusia se laia.

### O INICIO DA TORMENTA

O asinato de M. Baltaicheff fixo que todo o mundo centrase a súa atención na situación actual de Rusia, que é moito peor do que a maioría da xente cre. O movemento actual non se limita unicamente aos estudantes, aínda que é esa clase a que máis ruído fai. A febre revolucionaria apoderouse das clases baixas: miolo e músculo, como dixemos onte, combináronse, e a combinación é formidable. Máis significativa, non obstante, que ningunha outra cousa é, de ser certa, a afirmación do *Neue Freie Presse* de que durante as manifestacións na praza Kazán de Petersburgo se ordenou a un destacamento de infantaría que abrise fogo sobre a multitude, de que os homes se negaron por tres veces a obedecer, foron levados de volta ao cuartel sen que se realizase ningunha investigación posterior e de que incidentes similares se teñen producido noutros lugares. Co servizo militar obrigatorio, o Exército non é máis que o pobo uniformado. Todo sentir popular ha de chegar, antes ou despois, ao Exército e se non pode depender dos soldados para dispararen, o xogo do absolutismo rematou. O gran cataclismo pode estar máis preto do que xeralmente se supón.

### INDICIOS DE QUE SE COCE UNHA REVOLTA

PETERSBURGO.— En dous dos distritos da provincia de Poltava, producíronse motíns de traballadores a consecuencia da represión sistemática da «Pequena Rusia» por parte da «Gran Rusia». O

## Barón Corvo

xornal *Pridjeprowski Krai* foi o primeiro en informar da situación e foi rapidamente suspendido por oito meses.

PETERSBURGO.— O asasinato do Procurador do Santo Sínodo considérase, en certa medida, un síntoma da situación xeral de Rusia. Infórmannos de que o castelo do Duque de Mecklemburgo, situado no S.E. de Rusia, foi saqueado e destruído polos amotinados.

BERLÍN.— Hoxe, á chegada do tren expreso procedente de Berlín a Wirballen, na fronteira rusa, foi arrestado un pasaxeiro en cuxa equipaxe se atoparon documentos nihilistas. Trátase do terceiro arresto nihilista en dúas semanas. A policía de Berlín recibiu información de Petersburgo sobre numerosos revolucionarios que abandonaron Francia recentemente. Na actualidade dirixen unha vigorosa campaña de axitación contra o goberno do Tsar desde Berlín. Tamén desde Londres se ten informado do paradoiro de varios sospeitosos. Na maioría dos casos, as autoridades berlinesas vense incapacitadas para efectuar arresto ningún, pero sempre informan de todo a Rusia, de maneira que estes personaxes sospeitosos sempre son detidos ao cruzar a fronteira.

## AVANZA A ANARQUÍA

O *Kreuzzeitung*, xornal excepcionalmente ben informado en asuntos rusos, expresa a opinión de que unha das consecuencias inmediatas do triunfo de Xapón será un levantamento xeralizado dos campesiños rusos contra os seus señores, e do exército contra a aristocracia. Esta mesma publicación declara que axentes revolucionarios de tendencias socialdemócratas levan tempo envelenando sistematicamente a mente do pobo.

Retomou O INICIO DA TORMENTA e leu novamente o agoirento parágrafo:

—Houbo avisos abondos, abofé —dixo—: primeiro, asasinan ao fiscal público en Odessa, despois ao xefe da Policía Secreta de

Petersburgo, logo ao procurador do Santo Sínodo e agora unha hecatombe: soberano, realeza, aristocracia, goberno, burocracia, todos aniquilados, Anarquía *in excelsis*. Agora prenderá a chama en Francia en calquera momento, iso é completamente seguro. É horrible! Pero somos todos cristiáns, Flavio, e isto non é máis que un dos moitos e estraños xeitos en que nos amamos os uns aos outros.

Ergueuse e dirixiuse á fiestra. O gato marelo estirouse a conciencia, bocexou e seguiuino, e procedeu a levar a cabo unha impresionante trama de fintas e emboscadas arredor dunha pelota de ping-pong que había na casa para a súa adecuada diversión. O home contemplábo case amorosamente. Finalmente, Flavio capturou a pelota, agarrouna entre as patas de diante e posou con toda a maxestuosidade dun león de Trafalgar Square. Logo emitiu un grave gorgolexo afectuoso, fixando vagarosa e gravemente o gran misterio elocuente de ámbar e negrura dos seus ollos aveludados no seu amigo humano. Non se lle concedeu atención. Flavio ergueuse e fregou suavemente a cabeza contra a man máis próxima.

—Meu neno! —murmurou o home, e subiu o gatiño ao ombreiro. Foi ao andar de abaixo. Non era quen de traballar e ía facer un descanso; quería unha novela, díxolle á dona da casa. Parecíalle que xa lera todos os libros da casa. Si, e tamén os da sala de estar. Tras un cuarto de hora, a apelación a un veciño produciu tres miserentos e decrépitos volumes: unha cousa estarrecedora sen título de a seis peniques, unha de Braddon e unha de Edna Lyall<sup>1</sup>. Levounas para arriba por non parecer desagradecido e guindounas nun recanto para devolvelas chegada a ocasión. Aquel trazo principal do seu carácter, o desexo de non ser desagradecido, a disposición ao altruísmo e ao sacrificio fixéranlle un dano incalculable. Este mundo está inzado de innúmeros fatos de cachorros a medio criar e de mediocridades a menos de medio educar que parecen non ter mellor que facer que andar por aí atormentando e interferindo nos asuntos de seres que lles son superiores. Por cortesía, por bondade, estaba afeito a ceder, pero, con todo, mantiña o tenaz coñecemento

## Barón Corvo

e fixación no seu propósito orixinal. Sabía que a demora era a súa inimiga, pero invariablemente facíase a un lado e deixábase demorar. E agora que se achegaba o final da súa xuventude, era un pobre e solitario altruísta misántropo.

Volveu á súa butaca proferindo un longo suspiro de irritación e esgotamento: esfarelou tres cabichas (pois afixíao unha grande escaseza de tabaco), enrolounas nun papel novo e achegoulle un misto. Flavio, cun indulxente miañar protestante, choutou do seu xeonllo a unha cadeira do dormitorio e enroscouse para durmir.

A butaca estaba colocada xusto diante da lareira, a típica lareira de ferro cor rocho con repisa propia do ático dunha casa de hóspedes. Na parede gris de encima da repisa había pegada unha folla grande de papel de embalar. Sobre este fondo había cravadas unhas fotografías do Hermes de Herculano, do Sebastián de terracota de South Kensington, do David de pórfido de Donatello e do vívido David de Verrocchio, do modelo de cera dos Perseos de Cellini e dun equipo de rugby descoñecido, apreciado como exemplo único do raro fenotipo felino-humano, e do Sebastián da representación de *Noite de Reis* realizada en 1900 pola Sociedade Dramática da Universidade de Oxford. Entremetidas polas beiras destas había postais de Italia ilustradas coa imaxe do San Xoán mozo de Andrea del Sarto, a Primavera de Filipepi, unha páxina dun vello catálogo do Salón na que aparecían os Loitadores de Friant, outra dun exemplar vello da *Harper's Magazine* onde saían os Corredores de Boucher, unha barata e encantadora cromolitografía dun Pancraccio de pel morena e cabelo negro cunha coroa de centáureas e túnica branca sobre un campo dourado, as tarxetas de visita de cinco axentes literarios e unha postal coa sucinta inscrición *Verro precipitevolissimevolmente*. Na repisa había tinteiros de pedra, pipas, unha miniatura nunha caixa marroquí pechada, un molde do selo de Oxford do cardeal Andrea della Valle, dous pares de lentes de prata en cadansúa funda de chagrén, catro lingotes diminutos de cobre puro, unha botella de goma arábica e un libro aberto coas pastas pintadas cunha ilustración de Eros no colo de Psique e un miste-



rioso grupo de mergulladores no luar. A porta estaba a unha iarda á esquerda da lareira, en ángulo recto. Dela colgaban con desleixo unhas prendas de sarga negra e liño azul. Entre a porta e a butaca, ao alcance da man do escritor, había un pequeno lavabo de madeira. Unha chapa de aglomerado cubría a parte superior do mesmo e soportaba tinteiros, plumas, canivete, tesoiras, unha lámpada, unha lata de galletas chea de cabichas e mais dezaseis exquisitos gravados gregos. No estante inferior había unha ringleira de libros de referencia. Entre o lavabo e o lume estaba a cadeira onde se estomballaba Flavio (se se nos permite empregar un termo tan indelicado para referírmonos a tan delicado gato). Á dereita da lareira estendíanse uns catro pés de parede. Pendurados nela había un debuxo a lapis dunha Diamastigose, unha estampa en branco e negro do xove Sófocles de corego trala batalla de Salamina, feita ao dorso dun mapa do Almirantado, unha acuarela de Tarquinio Santacroce e Alexandro VI, un par de floretes e máscaras de esgrima e un curioso selo grecorromano cun San Xurxo como Perseo de pés alados vestido co que parecía a capa da Orde da Xarreteira e a inscrición *Φυλαξ ἀρχης*. Había estantes adicionais apoiados contra a parte de abaixo da parede. Unha cesta de vimbio, pechada e chea de cartas, colocada en vertical, sostíña exemplares da *American Saturday Review*, *Author*, *Outlook*, *Salpinx*, *Reynards's* e da *Pall Mall Gazette*, e un plumeiro para limpar o po de libros e papeis ou para reprender a Flavio cando se poñía rabudo. Outra cesta de vimbio, deitada sobre unha cadeira, contiña unha ringleira de libros, cadernos manuscritos, clásicos en doceavo de Plantin, Estienne, Maittaire,<sup>2</sup> xunto con edicións inglesas e americanas das obras do propio autor. A terceira parede estaba perforada por dúas fiestras pequenas, sempre abertas de par en par. O canto dunha cómoda sobresaía cara ao cuarto. A parte de arriba usábase como escritorio de pé. Os caixóns abríanse cara á cuarta parede. Feixes de cartas suxeitas con clips metálicos colgaban da traseira. Entre a cómoda e a butaca había máis estantes artellados con cestas de vimbio colocadas por riba e por baixo dunha mesiña de madeira. Libros de consulta, dicionarios e unha caixa de papel en branco xuntábanse alí, ao alcance das mans do escritor. O caixón da

mesíña contiña papel de cartas, sobres, lacre e selos. Todo arraxado de xeito que, unha vez acomodado diante do lume na butaca, co taboleiro no colo, o gladiador puidese alcanzar todas as súas armas coa simple extensión dos brazos. O ático medía once pés cadrados, tiña o teito en mansarda, coa metade do mesmo inclinado até os catro pés na cuarta parede. Alí había un catre, un espelliño e un toalleiro, tres pares de pesas de dúas, seis e dez libras, un par de botas nas súas formas, unha botella de eucalipto e un vaporizador.

Os seus ollos, vagando pola estancia, atoparon todas estas cousas. Colleu unha toalla e foi abaixo, ao cuarto de baño, lavar as mans. Ao volver tentou a Flavio cun anaco de cordel. O gato non tiña gana de xogar: fitouno cuns redondos e inocentes ollos inescrutables, bocexou aparatosamente e solicitou permiso para retirarse. O olor da cea na cociña era perceptible. A porta abriuse; e cerrouse.

Pousou a cabicha do seu cigarro nun bote de barro que había á súa esquerda para uso futuro. A doncela apareceu co seu xantar, unha cunca grande chea de pan e leite. Seguindo unha liña de pensamento subconsciente, estirouse, colleu o espelliño da parede e dirixiuse á fiestra.

—Tes un dos teus días malos, meu amigo —comentou contemplando a súa propia imaxe—. Aparentas todos os anos que tes e outra ducia deles. Baixa esas cellas espeluxadas, home. Por non falarmos dese suco vertical que lle fai parecer severo. Báixaas e abre os ollos, mantente alerta. Fai algo para compensar esa fina liña mol que tes por boca. Non debes deixarte relaxar desta maneira. Resáltache as enrugas e expón a escaseza do teu cabelo. Se tiveses unha polgada máis de coxa e, digamos, un par de polgadas máis de canela, poderías mirar á xente dende un pouco máis arriba, pero con ese aspecto manso e servil (como se ría de ti Luckock por iso!), non é de estrañar que todo o mundo se aproveite de ti. De que che vale levar a túa antipática opinión claramente escrita na túa antipática boca se non insistes en comportante con antipatía? Cultiva a arte de parecer que estás a punto de dicir «Non». Sempre podes dicir

«Si» despois. Pero se empezas polo si, como fas sempre, impídeste a ti mesmo dicir que non algunha vez. Por iso todo o mundo te pode defraudar. Tes demasiada ansia de ceder. Levanta un chisco o ánimo, cousiña fea! Feo como es, non es vulgar nin ordinario. Ponte dereito, abre ben os ollos e arrómbate.

Puxo o espello no seu sitio e volveu botar unha ollada ao cuarto, á procura de algo que ler, algo, calquera cousa, que non estivese demasiado recente na súa cabeza. Colleu ao chou unha das novelas rexeitadas. Titulábase *Donovan*. Lembraba ter visto (nunha revista de exportación de té) unha fotografía da autora da mesma. Lembraba tamén que atopara a súa pose retraída e a súa conformación labial intensamente hostil. O seu sentido da beleza era moito máis do que pode cualificarse de agudo. Satisfeitas as súas preferencias (que eran por unha reticente e destra virtude no varón e unha innata e delicada modestia na femia), a porta ao seu favor ficaba aberta.

—Porén —discutiuse a si mesmo—, vende decenas de miles de libros mentres que nós non vendemos os nosos nin en decenas de centos. Botémoslle un ollo ao seu traballo e vexamos como o fai.


Comeu o pan con leite e, seria e deliberadamente, dispúxose a diseccionar e analizar o libro.

A maneira de retratar a un mozo, a un mozo anormal, do tipo sensible-modesto, desgustouno de inmediato pola súa imprecisión e superficialidade. O animal humano macho é omnipresente: non é difícil para un escritor observador e coidadoso describir as *γνωριμωτερον Φυσει*, as cousas pola súa aparencia. Pero o sexo da autora impedíralle coñecer e, polo tanto, describir *γνωριμωτερον η̄μιν*, as cousas como son. É de dubidar que o Home algunha vez coñecese á Muller. É seguro que a Muller xamais coñeceu ao Home, e só nalgún caso se achegou, como no da autora de *The Gadfly*,<sup>3</sup> por exemplo. Atopou a imaxe de Donovan bastante convincente, non tan real. Donovan, na historia epónima, era obviamente creación dunha muller de carácter doce que o creara á súa imaxe.

## Barón Corvo

O estudoso estivo a piques de pechar o libro varias veces de pura irritación. Só a certeza de que non tiña máis que facer, e o desexo de instruírse, o fixeron perseverar. O seu temperamento só era lóxico na medida en que o dotaba da facultade da dedicación. Comezaba moitas cousas, continuábaas, a miúdo a influencia de Luna no seu entorno obrigáballo a deterse, pero invariablemente regresaba a elas –mesmo moitos anos despois, regresaba a elas– e entón, con paso lento e firme, concluía o que comezara. Tiña tenacidade, a felina pertinacia dun vigoroso e incontaminado sangue inglés. Enrolaba cigarro tras cigarro, e fumaba. Con frecuencia, volvía atrás e lía outra vez un capítulo. Flavio miñou pedindo paso. Colleuno no colo e seguiu lendo, acariñando o gatiño ao mesmo tempo, facéndolle cóxegas na larinxe até que rosmou satisfeito. Así pasou a tediosa tarde de marzo. Ás cinco, a doncela trouxo unha bandexa con café só e torradas con prebe. Ás seis e media, bañouse e aseouse, execrando a dor do seu brazo inchado e a dificultade de mantelo fóra da auga. Ás sete e media, ceou unha pouca sopa, fabas con manteiga e unha mazá asada. Ao mesmo tempo, contou os anacolutos da *Pall Mall Gazette* do día. Cando era adolescente, un titor que tiña en Oxford díxeralle que posuía unha capacidade crítica nada cativa. Por aquel entón non entendera a expresión perfectamente, mais cultivara a capacidade. Aprendera nunha escola ben amarga as artes da selección e a discriminación, e a arte de aniquilar a escoria. A isto se debía talvez o seu total distanciamento físico doutros homes. Pisara moitos vermes. E poucas cousas son máis exasperantes que un home do que verdadeiramente se pode dicir que é «Un rapaz entre vós a tomar nota»<sup>4</sup>. Despois de cear, retirouse ao seu ático coa súa cunca e a súa cafeteira e retomou a súa tarefa. Despois dun tempo, esqueceu a dor do brazo, esqueceu até a habitual expectación aterrada coa que agardaba oír petar ao carteiro retrasado, tal era a súa capacidade de concentración. Fumaba cigarros e tomaba un grolo de café negro de cando en vez, ignorando a Flavio, que volveu dun paseo sobre as once e deseguida se botou a durmir aos pés da cama. Un pouco despois da medianoite, acadou o final do libro, volveu atrás e examinou o último capítulo de novo, e pousouno.





ESTE LIBRO ENTROU NO  
PRELO O 30 DE SETEMBRO DE  
2014, EN COMPOSTELA







